




# PRAIA DE SAN XURXO

Adela Leiro, Mon Daporta  
xullo 2018



**Distancia:** 4 a 6 km (circular)  
**Dificultade:** baixa


Entre o monte de San Xurxo e o cabo Prior fórmase un seo no que se asenta un espazo húmido de interese, protexido no LIC Costa Ártabra, un conxunto do que o máis coñecido é o longo areal, unha das praias máis extensas da costa de Ferrol, pero non é menos importante a súa contorna.

Unha volta á praia de San Xurxo pode ser un simple paseo de 4 km (ida e volta) á beira do mar para ver e gozar da amplitude inmensa do areal coa marea baixa ou, se facemos un traxecto circular indo polo areal e volvendo pola beira do Carregal, un percorrido de interese natural e xeolóxico para comprobar que a natureza non é algo estático senón algo dinámico sometido a cambios e transformacións co paso do tempo, reflectido na pelexa entre as forzas do mar e o vento, que segundo a forza e a dirección, e a época do ano, amorean ou arrastran a area, e a resistencia dos regatos a deixarse atafegar, o que deu lugar á creación, neste punto, duns espazos de características especiais: un campo de dunas de máis de 2 km de lonxitude que en moitos sitios supera os 200 m de ancho con alturas de ata 12 m, e un mar de canaveiras de case un km de longo e uns 200 m de amplitude, rodeado de outras especies propias de medios húmidos, que alimenta e mantén a auga que achegan os regueiros do Xuncal, de San Xurxo, do Roxadoiro e de Suagraña que xuntos aínda conseguen

atravesar a barreira que o mar lles quere impoñer e verten unha parte do seu caudal no océano; para coñecer as moitas e variadas especies, maiormente vexetais, que viven nuns ecosistemas de características especiais, entre as que se atopan algunhas escasas e consideradas en perigo de extinción no Catálogo Galego de Especies Ameazadas e no Libro Vermello da Flora Ameazada de España, e as adaptacións das que dispoñen para sobreviviren ás difíciles condicións nas que se desenvolven (exposición ao vento, á seca ou, polo contrario, á vida nun medio acuático ou en contacto permanente coa auga).

## COMO CHEGAR

Pódese acceder desde a Vila da Area ou desde A Pedreira



Vista da praia de San Xurxo coa marea baixa. Para gozar mellor desta ruta hai que ir na primavera, cando as dunas están coa vexetación en todo o seu esplendor, e coa marea baixa, para poder camiñar polo areal e pasar ás pequenas praias entre as rochas.



Praia e Punta de San Xurxo



Praia de San Xurxo e Cabo Prior.



Campo de dunas e carregal



Píllara papuda no niño. Esta especie en perigo de extinción cría só nunhas poucas praias de Galiza.



Desembocadura do río de San Xurxo



Rochas na praia de Esmelle



Praia de Esmelle



Entre a praia de San Xurxo e o cabo Prior hai unha sucesión de praias que se aprecian mellor coa marea baixa: Esmelle, O Vilar, A Fragata ou Porto Vello, coñecidas en conxunto como as praias de Covas.